



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.  
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Proxecto de Lei do Consello Agrario Galego

**D E C R E T O S**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Decreto polo que se inicia o proceso de disolución e liquidación da Sociedade Anónima de Xestión do Centro Tecnolóxico do Mar.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Decreto polo que suspende a vixencia das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Sada e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.
- Decreto polo que se suspende a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Tui e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA**

- Decretos polo que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior correspondente aos títulos de Técnico Superior en Industrias de Proceso Químico; de Técnico Superior en Mantemento de Equipamento Industrial e de Técnico Superior en Imaxe para o Diagnóstico.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 204/2005, do 14 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2005/2006.



## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Decreto polo que se establecen determinadas medidas de xestión no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

## **CESES E NOMEAMENTOS**

## **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se nomean os membros do Consello Asesor da RTVE en Galicia.

## **ACORDOS**

## **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se propón que o Parlamento de Galicia aprobe o I Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006-2009 e se aproba o Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo para a implantación dun sistema de seguimento das recomendacións efectuadas polo Consello de Contas e das propostas de actuación que se deriven.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a construción do primeiro treito da Terceira Rolda da Circunvalación da Coruña.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para o acondicionamento e posterior transferencia de titularidade do tramo da Rolda da Muralla comprendido entre a Porta de Santiago e Porta de San Pedro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración en materia de seguridade viaria entre a Xunta e a Asociación Española de la Carretera para



a elaboración dun plan global de seguridade viaria para a Comunidade Autónoma de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Universidade da Coruña para a xestión urbanística e adquisición de terreos no campus universitario de Elviña, con destino a usos residenciais.



## **APROBADO O DECRETO POLO QUE SE NOMEAN OS MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RTVE EN GALICIA**

- ***Estará conformado por trece persoas***

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o decreto polo que se nomean os membros do Consello Asesor de Radiotelevisión Española en Galicia, de conformidade coas designacións efectuadas polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do pasado 30 de novembro.

O Consello Asesor de RTVE na Comunidade Autónoma estará conformado por trece persoas, das cales oito son homes e cinco mulleres.

Segundo se recolle no texto do decreto, as persoas que formarán parte deste consello asesor serán María Fernanda Blanco Fernández; Eugenia Dolores Blanco Iglesias; Ángel Currás Fernández; Alberto Durán Núñez; Esther Fontán Prado; José Luis García Casanovas; Xulia Guntín Araújo; José Francisco Lorenzo Regal; Juan José Quintáns Paredes; Agustín Reguera Ocampo; Ángel Sicart Giménez; Susana Tojeiro Bouzón; e José Miguel Túñez López.



## **A XUNTA REMITE AO PARLAMENTO O I PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO 2006-2009 PARA A SÚA APROBACIÓN**

- *O Goberno galego propónse aumentar os recursos públicos para a axuda ao desenvolvemento ata acadar en 2009 o 0,4% dos orzamentos*
- *O incremento mínimo anual será do 50%*
- *O proxecto, elaborado pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, inclúe a práctica totalidade das propostas feitas polos actores neste sector*
- *As comisións, nas que están representados a sociedade civil e as administracións local e autonómica, aprobárono por unanimidade*

O Consello da Xunta acordou esta mañá propoñer ao Parlamento de Galicia a aprobación do Primeiro Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006-2009. O Executivo autonómico deu hoxe o seu visto e prace á proposta elaborada pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior e pon en marcha o procedemento para remitir o proxecto á Cámara autonómica, órgano encargado da súa aprobación segundo o establecido na Lei galega de cooperación para o desenvolvemento (3/2003).

O Goberno galego propónse incrementar de xeito sostible os recursos públicos dedicados ás tarefas de axuda ao desenvolvemento. Con este obxectivo, fíxase a meta de acadar, ao cabo deste Plan 2006-2009, o 0,4% dos orzamentos galegos para a cooperación ao desenvolvemento. Así mesmo, e para dar cumprimento a esta vontade, establece que o incremento anual destas partidas será de, como mínimo, do 50% con respecto ás do exercicio anterior.

O Plan Director para a Cooperación Galega segue as directrices marcadas polo documento que regula esta actuación no ámbito estatal e contén os obxectivos, as prioridades xeográficas e sectoriais que guiarán e organizarán a cooperación galega ao longo dos vindeiros catro anos.

### **Aprobación unánime dos actores da cooperación**

O proxecto aprobado hoxe polo Goberno galego someteuse o pasado 6 de febreiro a consulta dos tres órganos establecidos pola Lei galega de cooperación: a Comisión Interdepartamental de Cooperación ao Desenvolvemento (CINCODE), a Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento (CINTERCODE) e o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE). Estas comisións, nas que están representados os organismos da sociedade civil e as administracións local e autonómica, aprobaron o texto por unanimidade.



Nel recolléronse a práctica totalidade das propostas feitas por estes actores, acadando un documento de consenso co sector.

### **Liñas de actuación**

As liñas de actuación prioritarias marcadas por este plan organízanse segundo dous criterios: o sectorial e o territorial. Na especialización sectorial, tendo sempre como obxectivo fundamental a loita contra a pobreza e as súas causas, destacan sete identificados como prioritarios:

1. A cobertura das necesidades sociais básicas
2. Infraestrutura e promoción do tecido económico
3. Participación social
4. Desenvolvemento institucional e bo goberno
5. Investimento no ser humano
6. Protección e mellora do medio ambiente e traballo a prol do desenvolvemento sostible
7. Sensibilización e a educación para o desenvolvemento.

No relativo á priorización segundo áreas xeográficas, coa finalidade de concentrar as actuacións dos diferentes axentes da cooperación, trátase de aumentar o impacto positivo no desenvolvemento das poboacións coas que se traballa. Os países considerados prioritarios para a cooperación galega son:

- América do Sur: Perú, Bolivia, Ecuador.
- Centroamérica: Guatemala, Nicaragua, Honduras e O Salvador.
- Caribe: Cuba, República Dominicana e Haití.
- África: Angola, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia e Senegal.

Así mesmo, prestarase unha atención especial á continuidade das relacións de solidariedade e débeda histórica que desde moitos sectores da sociedade galega se manteñen co pobo saharauí.

### **Sete obxectivos estratéxicos**

Con estas coordenadas, a Administración autonómica galega definiu sete obxectivos estratéxicos para a súa actuación en cooperación para o desenvolvemento. En primeiro lugar, propónse levar a cabo unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización da poboación galega para a súa superación e de educación para o desenvolvemento, posto que non sería



posible un sistema sólido de axuda se os valores sobre os que descansa non se asentán en condutas e exixencias da cidadanía.

Así mesmo, sinálanse o fortalecemento dos actores do sistema galego de cooperación, a mellora da calidade técnica e operativa do sector, a ampliación e ordenación dos instrumentos da cooperación galega, a implicación e procura de sinerxías cos sectores con experiencia de valor para as actuacións en cooperación, o fomento do comercio xusto e o consumo responsable, así como a elaboración de estratexias para as prioridades de acción, como actuacións estratéxicas.



## **O GOBERNO GALEGO APOSTARÁ EN 2006 POR UNHA POLÍTICA ACTIVA E INTEGRAL NA LOITA CONTRA A POBREZA E O SUBDESENVOLVEMENTO**

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan Anual da Cooperación galega para o desenvolvemento 2006*
- *As liñas prioritarias de acción serán a sensibilización, a aposta polo Comercio Xusto e o Consumo Responsable e o fortalecemento do tecido galego da cooperación*
- *O orzamento destinado para estas actuacións será en 2006 de preto de 6,7 millóns de euros, o que supón un incremento do 8,06 % respecto ao do ano pasado*

A Xunta de Galicia apostará en 2006 por desenvolver unha política activa e integral na loita contra a pobreza e as súas causas. O Consello da Xunta aprobou, na súa xuntanza desta mañá, o Plan Anual da Cooperación galega para o Desenvolvemento 2006. Este documento, elaborado pola dirección xeral de Cooperación Exterior, recolle as actuacións que se adoptaran desde a Administración autonómica dentro da loita contra o subdesenvolvemento.

Segundo se recolle no texto do plan “desde a Xunta de Galicia asúmese a loita contra a pobreza nun senso amplo” e como “unha misión que levaría a enfocar os esforzos da administración” a favor do “desenvolvemento integral, humano e sostible”. Para esta tarefa -sinala-, “a sociedade galega quere poñer á disposición dos pobos máis pobres do Planeta a súa experiencia histórica, os seus valores e a súa cultura, os seus activos e os recursos”.

Este plan anual supón a inclusión da cooperación como política transversal da acción do Goberno galego e constitúe unha ferramenta de traballo que establece un modelo de cooperación adecuada ás fortalezas e debilidades do sector en Galicia. Xunto co impulso orzamentario establecido nas liñas estratéxicas do Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006-2009, tratarase de agrupar sinerxías para acadar un maior impacto nas actuacións.

O traballo programado pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, guiado tamén polo compromiso da comunidade internacional cos 8 Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio adoptados pola ONU en 2000, terá dúas liñas prioritarias de acción: a sensibilización social e o fortalecemento do tecido galego da cooperación.

### **Sensibilización**

O Executivo autonómico entende que a iniciativa da Cooperación Galega debe residir maioritariamente na sociedade pero tamén no goberno que a representa. Deste xeito, asume as tarefas de impulsar e canalizar as inquietudes sociais así como o fomento





da interiorización da responsabilidade que as sociedades desenvolvidas teñen sobre a situación de empobrecemento dos países menos adiantados.

A actuación da Administración autonómica tenderá tamén a fomentar a implicación da cidadanía nos diversos proxectos que se poñan en marcha. Non se trata só de financiar actuacións concretas senón de traballar de xeito integral para o fin da pobreza e as súas causas. Neste contexto sitúanse tamén as accións de apoio ao *Comercio Xusto* e o Consumo Responsable. Trátase de conseguir que os consumidores sexan conscientes da importancia de orientar as súas compras cara a produtos de "comercio xusto", a suma de decisións individuais como modo de acadar un maior compromiso da sociedade galega cos valores que este tipo de comercio defende: a non explotación, a erradicación do traballo infantil e a utilización sostible dos recursos, entre outros.

A dotación económica para as convocatorias de axudas para actividades formativas e de sensibilización increméntase en 2006 un 44 %, acadando un importe total de 325.000 euros.

#### **Fortalecemento do tecido asociativo**

Como segundo obxectivo anual, o Goberno galego propónse fortalecer o tecido da cooperación para que os diversos actores deste eido estean comunicados e actúen de xeito coordinado, o que se traduce en mellor e maior impacto das iniciativas de cooperación. Os sistemas autonómico e local son especialmente propicios para impulsar iniciativas que favorezan a integración dos diversos actores nun mesmo ámbito de actuación.

As ONGD desempeñan un papel esencial como promotoras e xestoras de intervencións de desenvolvemento así como xeradoras de conciencia cidadá arredor dos valores da cooperación. Informes recentes poñen de manifesto certas debilidades neste sector. Coa finalidade de contribuír á súa consolidación e fortalecemento, este ano destinarase un total de 270.000 euros en 2006 para esta liña de subvencións, un 20,5% máis que o ano pasado.

#### **Preto de 6,7 millóns de euros**

O orzamento para actuacións en accións a favor do desenvolvemento acada en 2006 un total de 6.698.079 euros, o que supón un incremento do 8,06% sobre o de 2005.

A maior parte das partidas (o 70,87%) servirán para financiar as convocatorias públicas de axudas para proxectos de cooperación no exterior; de sensibilización e educación, e de consolidación e fortalecemento das ONGD. Cunha dotación menor, destinarase ao cofinanciamento de actuacións a través de convenios con entidades (principalmente institucións) galegas e do exterior o 15,7 % dos fondos, mentres que



se achegará o 9,7% do orzamento para desenvolver proxectos conxuntos coa Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), a través do Plan Operativo Xunta-AECI 2006.

O 3,73% restante utilizarase para financiar outras actividades co obxectivo de difundir o traballo en cooperación como por exemplo a creación dunha páxina web, campañas de publicidade, publicacións, entre outras.



## **ECONOMÍA E FACENDA IMPLANTARÁ UN SISTEMA DE SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS**

- *O conselleiro de Economía e Facenda propuxo a adopción deste acordo durante a xuntanza do Consello da Xunta celebrada hoxe*
- *A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma encargárase da coordinación do novo sistema de seguimento*

O Goberno galego acordou na súa xuntanza de hoxe a implantación dun sistema de seguimento das recomendacións efectuadas polo Consello de Contas e das propostas de actuación que se deriven delas. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma será a encargada de coordinar os labores de seguimento, no exercicio das súas funcións de fiscalización das contas e da xestión económico-financeira e contable da Xunta de Galicia. O ámbito de aplicación do acordo serán os órganos xestores da Administración autonómica, así como os organismos autónomos, as sociedades públicas e as fundacións.

O Goberno galego decidiu adoptar este novo sistema de seguimento das recomendacións do Consello de Contas como resposta á necesidade de garantir a plena eficacia das recomendacións formuladas polos órganos de control, de constatar o grao de cumprimento e adecuación das mesmas, e de propiciar a coordinación das actuacións desenvolvidas para a mellora da xestión económico-financeira pública. Os resultados obtidos da execución do acordo trasladaranse ao Consello de Contas co fin de facilitar información para o mellor exercicio da función fiscalizadora e, en particular, da plena adecuación das recomendacións que estea a realizar.

### **Colaboración**

O sistema de seguimento das recomendacións do Consello de Contas está baseado na coordinación entre este órgano fiscalizador e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como na colaboración entre a Intervención Xeral e os diferentes órganos xestores da Administración autonómica.

A Intervención Xeral da Comunidade deberá emitir un informe escrito no prazo dun mes desde a elevación ao Parlamento da memoria anual de fiscalización do Consello de Contas. O informe estará dirixido ao Consello da Xunta e comprenderá as conclusións e recomendacións máis relevantes manifestadas na memoria do Consello, e as propostas de actuación que considere adecuadas á vista daquelas. Á súa vez, os órganos xestores sobre os que se exerza o control deberán informar á intervención Xeral no prazo dun mes sobre os prazos para a adopción das medidas propostas, as medidas ou actuacións xa adoptadas por iniciativa propia, e as actuacións alternativas ou adicionais ás propostas que considere convenientes á vista do informe.



O Consello de Contas é o órgano de fiscalización das contas e a xestión financeira e contable do sector público da comunidade autónoma, baixo a dependencia directa do Parlamento. Esta función maniféstase, ordinariamente, na emisión da memoria anual de fiscalización, que comprende as medidas que deben adoptarse para a mellora da xestión económica dos organismos públicos.



## **XUNTA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LA CARRETERA COLABORARÁN NA ELABORACIÓN DO PLAN GLOBAL DE SEGURIDADE VIARIA**

- *Os estudos afondarán na repercusión dos factores humano, de vehículo e de infraestrutura na alta sinistralidade*
- *O plan galego de seguridade viaria estará listo en cinco meses*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a *Asociación Española de la Carretera* colaborarán na redacción do Plan Global de Seguridade Viaria axeitado á Comunidade Autónoma, que ten como principal obxectivo a redución do número e a gravidade dos accidentes de tráfico que se producen nas estradas galegas.

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre os citados organismos, que se asinará nas vindeiras semanas, para levar a cabo un plan que conteña a metodoloxía axeitada para incrementar os niveis de seguridade e, polo tanto, reducir significativamente os índices de sinistralidade.

Política Territorial financiará a iniciativa con 175.000 euros destinados na elaboración e execución do mesmo. Este plan estará listo en cinco meses. A partir de aí, e durante 12 meses, realizarase un seguimento dos resultados obtidos, xa que as solucións propostas, unha vez implantadas, deben ser obxecto de seguimento a través de indicadores que permitan controlar os resultados e o cumprimento dos obxectivos establecidos.

A *Asociación Española de la Carretera* será a encargada do desenvolvemento técnico do proxecto e da súa divulgación. Cabe salientar que a análise da accidentalidade na rede viaria permitirá a identificación dos problemas de seguridade máis graves e o plantexamento das solucións pertinentes unha vez analizados todos os factores que inflúen.

### **Perspectiva multidisciplinar**

O programa terá como elemento de partida afrontar a seguridade viaria dende unha perspectiva multidisciplinar, polo que se afondará no estudo dos factores infraestrutura, vehículo e usuario. Así mesmo, involucrarase ao maior número de institucións e consellerías e á sociedade en xeral para acadar a máxima participación cidadá na elaboración das estratexias para mellorar a seguridade viaria.

Os traballos irán encamiñados a lograr o cumprimento do obxectivo proposto na Carta Europea da Seguridade Viaria da Comisión Europea de reducir en, polo menos, un 50% o número de vítimas mortais antes de 2010.



Así mesmo, ten como obxectivo eliminar ou reducir, na medida do posible, os problemas de seguridade asociados á infraestrutura, o seu equipamento e o seu entorno.

Outro dos temas a tratar será o fomento de actitudes máis seguras ao volante, dende idades temperás, a través dunha axeitada formación e sensibilización en seguridade viaria.

### **Fases do deseño do Plan**

A primeira fase do traballo consistirá en elaborar os antecedentes e análise dos sinistros co obxectivo de identificar aqueles aspectos máis problemáticos da rede de estradas dende o punto de vista da seguridade da circulación.

A segunda fase será a de programación das accións a seguir na mellora da seguridade viaria. Para tal fin deseñaranse plans que responda ás necesidades reais dos usuarios da rede de estradas establecendo obxectivos concretos para cada medida concreta a implantar.

Xa na terceira fase constituiranse dúas mesas de traballo, unha de carácter xeral para tomar medidas institucionais acerca da mellora da seguridade que se poden adoptar dende os distintos estratos da sociedade galega, e outra máis específica na que se porá énfase aos aspectos técnicos e á viabilidade de implantación das medidas propostas e o seguimento das mesmas.

Na cuarta das fases efectuarase un control periódico dos resultados dos programas que se poñan en marcha. Isto permitirá corrixir aqueles plantexamentos que non respondan ás expectativas iniciais, así como potenciar aqueles campos nos que se están a obter os resultados esperados.



## SUSPÉNDESE A VIXENCIA DAS NORMAS DE PLANEAMENTO DE SADA E APROBA UNHA NORMATIVA URBANÍSTICA PROVISORIA

- *Esta ordenación urbanística aplicarase de forma transitoria, mentres o Concello non conte cun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal*
- *O proceso para a suspensión das Normas de Planeamento iniciouse o 5 de decembro ante as irregularidades urbanísticas que se estaban a dar en Sada*

O Consello da Xunta acordou hoxe suspender a vixencia das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NSPM) de Sada, ao tempo que aprobou a ordenación urbanística provisoria que se aplicará neste Concello mentres non entre en vigor o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Co decreto aprobado hoxe, conclúe o proceso aberto o pasado 5 de decembro, data na que o Diario Oficial de Galicia publicou o acordo da conselleira de Política Territorial, María José Caride, de iniciar o expediente para a suspensión das NSPM de Sada.

O inicio do expediente levou parella a paralización do procedemento para outorgar licenzas de edificación, demolición e parcelamento de terreos, ata a entrada en vigor das normas urbanísticas provisorias aprobadas hoxe polo Consello da Xunta.

A decisión de poñer en marcha este proceso de suspensión veu motivada polos incumprimentos e irregularidades en materia urbanística que se estaban a dar neste concello coruñés. Trátase, en concreto, de actuacións urbanísticas que viña autorizando o Consello de Sada, e que quebrantan o modelo de asentamento da poboación e non se axustan ao establecido polas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NSPM)

Estas actuacións, nas que se incumpre a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, estaban a provocar unha serie de consecuencias negativas como é a degradación e desnaturalización dos asentamentos rurais e do seu contorno natural, coa aparición de bloques de edificación de tipoloxía urbana entre as edificacións de tipoloxía unifamiliar illada, que caracterizan o modelo tradicional de asentamento no medio rural de Sada.

### **Alteración dos asentamentos rurais**

Ademais, estaba a incrementarse de forma acelerada a densidade dos núcleos rurais, moi por enriba do límite máximo de 25 vivendas por hectárea establecido na mencionada lei e nas NSPM.



Outro dos efectos adversos que se estaban a producir é a transformación urbanística dos núcleos rurais en suburbanizacións sen as infraestruturas, zonas verdes e dotacións públicas necesarias para atender as demandas xeradas polas novas actuacións, incumprindo os criterios de calidade de vida e cohesión social establecidos pola devandita lei.

Así mesmo, evidenciábase unha falla de participación da comunidade nas plusvalías xeradas pola actuación urbanística dos entes públicos, dado que se eludía o cumprimento dos deberes básicos de cesión gratuíta de solo, execución das obras de urbanización e xusta distribución de beneficios e cargas.

Xunto ás deficiencias materiais que se viñan apreciando na aplicación da ordenación contida nas NSPM, dábanse tamén unha serie de circunstancias que xeran unha grave inseguridade xurídica para os operadores urbanísticos e para os cidadáns en xeral. En ocasións, constatábase unha arbitrariedade na aplicación das normas, a existencia de múltiples contradicións entre os distintos documentos do Plan e o incumprimento da obriga de remitir á CPTOPT -para a súa revisión- dous exemplares dos instrumentos de desenvolvemento urbanístico que aprobe o Concello, incumprimento que impediría a súa entrada en vigor, polo que os actos ditados para a súa xestión e execución, xunto coas licenzas outorgadas, poderían ser declarados nulos.

Á vista desta situación, a Consellería de Política Territorial considerou urxente proceder a unha revisión das actuais Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Sada e establecer unha nova ordenación urbanística acorde cos principios de desenvolvemento territorial equilibrado e sostible, adaptada integramente á lexislación vixente.





## **POLÍTICA TERRITORIAL SUSPENDE A VIXENCIA DO PLAN XERAL DE TUI E APROBA UNHA NORMATIVA URBANÍSTICA PROVISORIA**

- *Esta ordenación urbanística aplicarase de forma transitoria, mentres o Concello non dispoña dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal*
- *O proceso de suspensión do PXOU iniciouse o 2 de decembro ante as irregularidades urbanísticas que se estaban a producir no concello tudense*

O Consello da Xunta acordou hoxe suspender a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) de Tui, ao tempo que aprobou a ordenación urbanística provisoria que se aplicará neste Concello entremetres non entre en vigor un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Co decreto aprobado hoxe, conclúe o proceso aberto o pasado 2 de decembro, data na que o Diario Oficial de Galicia publicou o acordo da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, María José Caride, de iniciar o expediente para a suspensión do PXOU de Tui. Esta decisión veu motivada polas graves irregularidades e incumprimentos en materia urbanística que se estaban a dar nese concello pontevedrés.

O inicio do devandito expediente supuxo tamén, daquela, a paralización do procedemento para outorgar licenzas de edificación, demolición ou parcelamento de terreos, ata a entrada en vigor das normas urbanísticas provisorias aprobadas hoxe polo Goberno galego.

A decisión de suspender o PXOU de Tui veu motivada polas actuacións en materia urbanística que viña autorizando o Concello de Tui, e que non se axustaban á normativa definitiva aprobada no seu día pola Xunta de Galicia. En concreto, estaba a producirse un elevado incremento do volume edificable, das alturas das edificacións e da densidade de vivendas en solo urbano, xunto cunha diminución e fraccionamento das zonas verdes e dos espazos públicos.

A normativa urbanística que estaba a aplicar o Concello de Tui e, mesmo, o texto que publicou no Boletín Oficial da Provincia (24/01/95), non coincidían cos documentos aprobados pola Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra (7/10/94), polo que se estaba desenvolvendo un ordenamento urbanístico diferente do que aprobara con carácter definitivo a Xunta de Galicia.

### **Grave afección ao Conxunto Histórico-Artístico**

En consecuencia, estaba a implantarse un modelo urbanístico que non se correspondía co planificado nin co desexable para Tui, e que estaba a afectar gravemente ao seu Conxunto Histórico Artístico, declarado Ben de Interese Cultural.



Esas actuacións urbanísticas foron obxecto de reiteradas denuncias e de incoación de expedientes sancionadores por infracción da normativa vixente en materia de Patrimonio Cultural e, mesmo, de procedementos penais, xerando unha evidente alarma social.

Todas estas circunstancias motivaron o acordo suspender o planeamento urbanístico de Tui e, xustifican a necesidade urxente de revisar as ditas normas, tanto no que se refire ao Plan Xeral como ao Plan Especial do Casco Histórico.



## SEIS MILLÓNS DE EUROS PARA O PRIMEIRO TREITO DA TERCEIRA RONDA DA CORUÑA

- *O Consello aprobou un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial e o Concello herculino*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá este ano un total de 6 millóns de euros na construción do primeiro treito da Terceira Ronda de Circunvalación da Coruña.

O Consello da Xunta, na súa xuntanza de hoxe, aprobou un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello herculino para levar a cabo as obras que se iniciarán na glorieta existente de conexión da Ronda de Outeiro coa Rúa Manuel Murguía (PK 100+00) ata a zona de Penamoa (PK 100+918,988). Trátase do primeiro treito da Terceira Rolda que unirá o Polígono dos Rosais coa zona de Pocomaco, concretamente na conexión coa Avenida Salgado Torres.

O orzamento total da Terceira Ronda ascende a 30 millóns de euros, dos que para o primeiro treito destínanse 6 millóns neste exercicio e os 24 millóns restantes formalizaranse no vindeiro ano 2007 e seguintes. A construción do segundo e o terceiro tramo da Terceira Rolda será concretada cando se formalicen os respectivos convenios para a súa execución.

Política Territorial é a encargada de aprobar o proxecto de construción deste primeiro treito, así como do financiamento das obras, para o que existe unha partida de 6 millóns de euros nos orzamentos deste ano, aínda que o orzamento íntegro da Ronda de Circunvalación ascende a 30 millóns de euros.

Pola súa banda, o Concello da Coruña encárgase de poñer á disposición da Consellería os terreos e servizos afectados necesarios para a execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias. Ademais, unha vez finalizadas as obras, a explotación, mantemento e conservación da vía corresponderalle ao Concello.

A Terceira Rolda de Circunvalación permitirá a mellora das comunicacións tanto de acceso como de conexión entre os distintos barrios, dado o crecemento urbanístico que está a experimentar a cidade. Así mesmo, configúrase como unha infraestrutura clave para complementar a actuación levada a cabo polo Ministerio de Fomento de conexión da cidade coa Autovía do Noroeste e o ramal ao aeroporto de Alvedro.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DUN TREITO DA RONDA DA MURALLA**

- ***Concello de Lugo pasará a ostentar a titularidade do percorrido entre a Porta de Santiago e a Porta de San Pedro***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para o acondicionamento dun treito da Ronda da Muralla e a posterior transferencia da titularidade do mesmo ao Concello.

A CPTOPT investirá un total de 1.012.857 euros repartidos en dúas anualidades nas obras de acondicionamento do treito que vai da Porta de Santiago á Porta de San Pedro para, posteriormente, tramitar o cambio de titularidade a favor do Concello de Lugo.

O dito tramo de vía ten un carácter urbano e dá servizo ao tráfico de carácter local, xa que o resto do tráfico dispón dun itinerario alternativo a través doutras vías.

Cabe recordar que a Lei de estradas de Galicia establece que “as estradas autonómicas, provinciais ou os treitos das mesmas nos que a circulación adquira características urbanas, se entregarán aos concellos respectivos”.

Unha vez realizadas as obras pertinentes e asumida a súa titularidade, o Concello de Lugo correrá con todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da devandita vía, e calquera outra que lle corresponda como Administración titular dese tramo.



## **APROBADOS OS DECRETOS CURRICULARES DE TRES CICLOS FORMATIVOS SUPERIORES**

- ***O Consello da Xunta deu o visto e praxe aos currículos de Técnicos de Industrias de proceso químico, Imaxe para o diagnóstico e Mantemento de equipamento industrial***

O Consello da Xunta aprobou os decretos polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior correspondentes aos títulos de técnico superior en industrias de proceso químico, de técnico superior en imaxe para o diagnóstico e de técnico superior en mantemento de equipamento industrial.

Mediante o establecemento do currículo do ciclo formativo correspondente ao título de técnico superior en industrias de proceso químico preténdese facilitar a formación de especialistas coa cualificación axeitada para organizar e controlar a actividade na planta química, supervisando e controlando as fases do proceso produtivo, así como o cumprimento das normas de calidade, de seguridade e ambientais.

Para obter a formación axeitada para o desenvolvemento destas tarefas, os alumnos que sigan estes estudos deberán completar un total de nove módulos que supoñen 905 horas de formación no centro educativo e 440 de prácticas en centros de traballo. Os módulos que se impartirán no centro educativo abordarán materias como a organización e xestión en industrias de procesos (105 horas), a fluidodinámica e termotecnia en industrias de procesos (105 horas), o proceso químico (265 horas), o control de calidade na industria química (160 horas), e a seguridade e ambiente químico (80 horas). Así mesmo, os alumnos deberán cursar dous módulos, de 55 horas cada un, de relacións no contorno de traballo e de formación e orientación laboral. Ademais, o currículo recolle un módulo profesional de proxecto integrado, que ten unha duración de 80 horas.

Por outra banda, o módulo de formación en centros de traballo capacitará os alumnos para elaborar un informe que recolla as instrucións e os procedementos relativos ás operacións derivadas dunha parte dun proceso químico. Ao mesmo tempo, permitiralles manexar os equipamentos máis comunmente utilizados nos procesos químicos, con recoñecemento das técnicas de verificación e das inspeccións necesarias para o seu correcto estado e funcionamento. Á súa vez, os alumnos deste ciclo formativo estarán capacitados, unha vez rematados os estudos, para controlar unha unidade de proceso químico e aplicar as normas e os procedementos sobre seguridade, hixiene e protección do medio.



### **Técnico superior en imaxe para o diagnóstico**

O ciclo formativo distribúese en dez módulos e capacitará os alumnos para obter rexistros gráficos do corpo humano de tipo morfolóxico e funcional con fins diagnósticos baixo a supervisión correspondente. Así, unha vez rematados os estudos, o alumno será quen de preparar, manexar e controlar os equipamentos; e de interpretar e validar os resultados técnicos en condicións de calidade e de seguridade ambiental.

Os alumnos que realicen estes estudos deberán completar 1.235 horas de formación no centro educativo e 710 de prácticas en centros de traballo. Os módulos que se impartirán no centro educativo permitirán aos alumnos obter coñecementos de organización e xestión da área de traballo asignada na unidade ou no gabinete de imaxe para o diagnóstico (80 horas), de anatomía radiolóxica (105 horas), de procesamento e tratamento da imaxe radiolóxica (80 horas), de protección radiolóxica (80 horas), de fundamentos e técnicas de exploración en radioloxía convencional (425 horas), en radioloxía mediante equipamentos de dixitalización de imaxes (215 horas), e en medicina nuclear (120 horas). Así mesmo, os alumnos cursarán un módulo de 55 horas de formación e orientación laboral, e realizarán un proxecto integrado que terá unha duración de 75 horas.

O módulo de formación en centros de traballo, cunha duración de 710 horas, capacitará os alumnos para participar na xestión do ficheiro de pacientes e da almacenaxe, reposición e adquisición do material da unidade. Unha vez realizado este módulo, os alumnos disporán da formación necesaria para participar na obtención de rexistros gráficos do corpo humano, utilizando equipamentos de procesamento informático de imaxes de resonancia magnética (RM) e tomografía axial computadorizada (TAC).

### **Técnico superior en mantemento de equipamento industrial**

O Consello da Xunta tamén aprobou, na súa xuntanza desta mañá, o decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mantemento de equipamento industrial, co que se pretende facilitar a formación de especialistas coa cualificación axeitada para programar e organizar a realización dos plans de mantemento de maquinaria e equipamento industrial, coordinar e supervisar a súa execución, realizar a instalación en planta e a posta a punto da maquinaria e do equipamento industrial, e desenvolver proxectos de modificación ou de mellora da maquinaria a partir do anteproxecto.

Os estudos deste ciclo formativo distribúense en catorce módulos estruturados nun total de 2.000 horas (1.545 de formación no centro educativo, 380 de formación en centros de traballo, e 75 de libre disposición do centro). Así, os módulos que se impartirán no centro educativo versarán sobre a montaxe e mantemento do sistema mecánico (185



horas), dos sistemas eléctrico e electrónico (185 horas), dos sistemas hidráulico e pneumático (130 horas) e de sistemas automáticos de produción (165 horas).

Ademais, os alumnos obterán coñecementos das técnicas de fabricación para o mantemento e a montaxe (160 horas), da representación gráfica en maquinaria (110 horas), de elementos de máquinas (80 horas), dos proxectos de modificación do equipamento industrial (165 horas), dos procesos e xestión do mantemento (110 horas), e da calidade no mantemento e na montaxe de equipamentos e instalacións (90 horas). Ao mesmo tempo, os alumnos deberán cursar tres módulos, de 55 horas cada un, de plans de seguridade no mantemento e na montaxe de equipamentos e instalacións, de relacións no contorno de traballo e de formación e orientación laboral.

Por último, durante as 380 horas que deberán completar en centros de traballo os alumnos intervirán no seguimento e no control da planificación do mantemento, analizando a compatibilidade do programa coa produción, coas cargas de traballo e cos recursos e os medios mobilizados. Ademais, serán quen de determinar os índices de fiabilidade, dispoñibilidade e mantenibilidade dunha liña de produción e das súas máquinas, e de establecer os niveis de cantidade, dispoñibilidade e custos das pezas de reposto dunha máquina para garantir o cumprimento do programa de mantemento preventivo e das operacións de reparación.



## **FIXADA A TAXA PARA QUE OS ESTRANXEIROS HOMOLOGUEN OS TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE DOUTOR**

O Goberno galego aprobou o decreto que modifica á súa vez o Decreto 204/2005, do 14 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2005-2006. O texto aprobado hoxe engade un anexo ao decreto de xullo que inclúe a taxa correspondente á homologación ao título/grao español de doutor, que se fixa en 99 euros.

A homologación e validación dos títulos estranxeiros de educación correspondía ao Ministerio de Educación e Ciencia. No entanto, un Real decreto de marzo de 2005 introduce que a atribución de competencia para homologar títulos de graos académicos de posgrao –máster e doutoramento- lle corresponde aos reitores das universidades. En virtude desta modificación foi necesaria introducir a nova taxa, aprobada hoxe polo Executivo autonómico.

Este decreto foi un dos puntos do día abordados na xuntanza do Consello Galego de Universidades celebrada o pasado mes de xaneiro.





## **APROBADO O PROXECTO DE LEI DO CONSELLO AGRARIO GALEGO**

A Consellería do Medio Rural vén de elaborar o proxecto de lei polo que se crea o Consello Agrario Galego como un órgano permanente de participación, asesoramento e consulta da Administración galega en materia agraria e de desenvolvemento rural que vai superar a etapa das cámaras agrarias provinciais. Este documento, que aprobou hoxe o Consello da Xunta, será remitido ao Parlamento galego para a súa aprobación definitiva.

O Consello Agrario Galego asumirá e articulará as relacións coa Administración galega coas organizacións profesionais agrarias e ao mesmo tempo reconece o papel que estas cumpren na vertebración democrática do medio rural e na formación de vontade dos órganos competentes en materia agraria e de desenvolvemento rural.

Desde a Consellería do Medio Rural estímase que á vista da importancia económica e social do sector agrario en Galicia, fundamental para a fixación de poboación no medio rural tras constatar a inoperancia das cámaras agrarias, cómpre dotarse dun novo órgano eficaz de participación institucional das organizacións profesionais agrarias. Este órgano será acorde coa evolución doutros órganos de participación con estruturas funcionais máis áxiles na toma de decisións e de proceder.

Entre as funcións do Consello Agrario Galego está a creación do marco institucional axeitado para favorecer e impulsar a participación e colaboración dos representantes sindicais do agro en todos aqueles asuntos relativos ao sector agrario. Ademais, preténdese impulsar o diálogo, a participación e a colaboración entre as institucións, administracións e axentes sociais implicados, propiciando o intercambio de información e busca de acordos daqueles asuntos de maior relevancia.

Quérense tamén analizar as políticas que lle afecten ao sector no seu conxunto, así como contribuír ao seguimento dos plans e programas das políticas agrarias que teñan incidencia sobre o medio rural, prestándolle unha especial atención ao impacto de xénero das medidas adoptadas.

O Consello Agrario Galego emitirá informes sobre a normativa de carácter xeral do Goberno e específica da consellaría competente nas materias de agricultura e de desenvolvemento rural, así como dos plans relativos á política agraria e de desenvolvemento rural.

Informará, propondrá reformas e canalizará recomendacións de cara a achegar suxestións a todas as políticas ou normativas sectoriais que afecten ás condicións socioeconómicas dos habitantes do medio rural.



Proporá e asesorará os distintos órganos da Administración galega sobre as medidas e accións que se estimen necesarias para mellorar o nivel de renda das explotacións agrarias e a calidade de vida da poboación dedicada á actividade agraria. Realizará informes sectoriais sobre a situación, evolución e perspectivas dos diferentes subsectores agrarios.

Impulsará a participación das mulleres que se dedican á actividade agraria e, en xeral, das que viven no medio rural, en todas aquelas cuestións relativas ao sector agrario e ao ámbito rural de cara a fomentar a cooperación coas administracións competentes na articulación de políticas de erradicación das discriminacións por mor de xénero.

### **Composición e funcionamento**

O Consello Agrario Galego estará integrado por 24 membros. O presidente será o conselleiro competente en materia de agricultura e desenvolvemento rural e o vicepresidente será o secretario xeral da consellaría. Haberá tamén cinco vogais en representación da consellaría, outros cinco en representación das consellerías competentes en materia de benestar social, ambiente, política territorial, industria e sanidade, ademais de doce vogais en representación das organizacións agrarias máis representativas de Galicia.

O Pleno do Consello Agrario Galego aprobará no prazo de seis meses dende a súa constitución, e por maioría absoluta dos seus membros, o seu regulamento de réxime interior.



## A XUNTA ASUME OS ÓRGANOS DE XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

- *Aprobado o decreto que regula o funcionamento da Xunta Rectora, o Padroado e o nomeamento do director do espazo natural*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, asume os órganos de xestión do Parque Nacional Illas Atlánticas mediante un decreto aprobado na reunión do Consello celebrada hoxe. Trátase do Padroado, a Xunta Rectora e o director-conservador, que ata o de agora dependían do Ministerio de Medio Ambiente.

A Xunta Rectora ten entre as súas funcións a elaboración de diversos instrumentos de planificación do espazo, a aprobación dun plan anual de traballo e investimentos, plans sectoriais e o establecemento do réxime de funcionamento das instalacións e servizos do parque nacional.

O Padroado é o órgano de participación da sociedade, no que están representadas as diferentes administracións públicas e aquelas institucións, asociacións e organizacións relacionadas co parque. O presidente do padroado será nomeado e cesado por acordo do consello da xunta, mentres que o posto de secretario ocuparáo un funcionario da Administración da comunidade autónoma. Entre os cometidos deste órgano destaca o de velar polo cumprimento das normas que afecten ao parque nacional e informar sobre os proxectos de actuación que se van realizar na área de influencia socioeconómica.

Por último, a administración e a coordinación das actividades do Parque Nacional das Illas Atlánticas recaerá no seu director-conservador, que será nomeado polo Consello da Xunta entre o persoal ao servizo das administracións públicas.



## **APROBADO O CONVENIO POLO QUE A CONSELLERÍA DE VIVENDA INVESTIRÁ 6 MILLÓNS DE € NA ADQUISICIÓN DE TERREOS DESTINADAS A VIVENDAS PARA ESTUDANTES E PERSOAL UNIVERSITARIO NA UDC**

- *Son 40.000 metros cadrados de terreo no Campus de Elviña que albergarán polo menos 400 vivendas en réxime de aluguer*
- *Convocarase un concurso de ideas para elixir o mellor proxecto arquitectónico e a mellor opción de urbanización e ordenación do espazo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Universidade da Coruña (UDC) polo que o departamento que dirixe Teresa Táboas investirá 6 millóns de euros na adquisición dos terreos para a construción de vivendas no Campus Universitario de Elviña para estudantes e persoal da UDC.

O investimento da Consellería permitirá adquirir unha extensión de 40.000 metros cadrados, con 25.000 de edificabilidade que permitirá construír polo menos 400 vivendas, e en cuxa adquisición o departamento autonómico investirá 4,1 millóns de euros, aos que hai que engadir ata 1,8 millóns de euros para urbanizar o solo.

Os investimentos serán distribuídos en dúas anualidades, 2,5 millóns de euros son con cargo aos orzamentos de 2006 e 3,4 millóns de euros con cargo aos orzamentos de 2007. desglosase en dúas anualidades

Teresa Táboas cifra en 400 as vivendas que se construírán no Campus da Universidade da Coruña para albergar a estudantes, docentes e persoal laboral desta entidade, e adiantou que unha parte desas vivendas serán dun dormitorio de entre 40-45 metros cadrados útiles, con espazos comúns.

As vivendas que se construírán no Campus coruñés serán en réxime de aluguer para que roten os usuarios, sexan estudantes, docentes ou persoal da Universidade, segundo explicou a conselleira, quen estima que poden estar listas en 30 meses.

O proxecto, definido pola propia conselleira como “pioneiro” en Galicia, pretende ser “vangardista na súa concepción arquitectónica, na súa intervención no territorio, na utilización de novas tecnoloxías e de enerxías renovables”. Por iso, se convocará un concurso de ideas para ter todas as reflexións posibles que permitan elixir a mellor opción tanto para a ordenación dos terreos como para os edificios que albergarán as vivendas. Para este concurso a Consellería de Vivenda e Solo aportará 150.000 euros.